

Tema 1-O UNIVERSO_SISTEMA SOLAR_5º



1- Enorme explosión coa que se creou o universo hai uns quince mil millóns de anos _____

2- As _____ son grupos de planetas, estrelas e astros. No universo hai máis de mil millóns e poden presentar forma de _____, elíptica ou ser irregulares.

3- O noso planeta forma parte dunha galaxia A _____

4- As _____ son astros esféricos de gases incandescentes que producen moita enerxía que se emite como luz e calor.

5- Un conxunto de estrelas formando figuras é o que desde a Antigüidade se denominou _____

6- Os _____ son astros que xiran arredor dunha estrela e non emiten luz propia. Poden ser rochosos ou gasosos.

7- Os _____ son astros que xiran arredor dun planeta.



8- Os oito planetas que xiran arredor do Sol son:


9- O noso planeta Terra ten un satélite: A _____

10- Os planetas realizan dous movementos, un de _____, sobre si mesmos, e outro de _____, arredor do Sol. O percorrido que fai cada planeta no movemento de translación denomínase _____.

11- O movemento de _____ prodúcese cando a Terra xira sobre si mesma, arredor dun eixe imaxinario. Cada _____ horas, a Terra dá unha volta sobre si mesma. Este movemento orixina os _____ e as _____, debido a que unha metade do planeta está iluminada polo Sol e a outra, non.



12- O movemento de _____ da Terra é o que dá lugar ás estacións do ano. A Terra tarda _____ días, 5 horas e 48 minutos en dar unha volta completa arredor do Sol.



13- Cada un dos dous instantes do ano en que o Sol está exactamente sobre o ecuador celeste e que se corresponden cos días en que o día e a noite teñen igual duración.



EQUINOCCIO



SOLSTICIO

14- Cada un dos dous instantes do ano nos que o Sol deixa de apartarse do ecuador celeste e comeza de novo a aproximarse.

☐ EQUINOCCIO

☐ SOLSTICIO

15- A Lúa, ao igual que a Terra, realiza dous movementos, o de rotación e o de translación que duran aproximadamente o mesmo: _____ días.

16- Completa.



Lúa _____: non a podemos ver xa que a Lúa se sitúa entre o Sol e a Terra.

Cuarto _____: vemos un cuarto da Lúa.

Lúa _____: vemos a metade, é dicir, unha cara da Lúa totalmente iluminada.

Cuarto _____: ao igual que no abalo, vemos un cuarto da Lúa.



17- As _____ teñen lugar cando tres astros se aliñan e un deles oculta ao outro.

Sucede cando a Lúa se interpón entre o Sol e a Terra e non podemos ver o Sol _____

Polo contrario, este prodúcese cando é a Terra a que se interpón entre a Lúa e o Sol _____

A Lúa atrae á Terra e provoca subidas e baixadas periódicas do nivel do mar. Estas constitúen as _____.

Cando o nivel da auga chega ao nivel máis alto prodúcese a _____, e cando chega ao seu nivel máis baixo ten lugar a _____.

18- Completa: as capas da Terra.

A _____ é a capa de aire que envolve á Terra. Está composta por diferentes gases e ten un espesor duns 1.000 quilómetros.

A _____ é a capa de auga que cobre as dúas terceiras partes da superficie terrestre, é dicir, o conxunto das súas augas (oceáanos, mares, ríos, lagos e augas subterráneas).

A _____ é a parte rochosa do planeta. Ten forma de esfera e o seu radio é de 6.371 quilómetros. Consta de tres capas:

- A _____ é a capa externa e fina. Está formada por materia sólida e o seu espesor pode variar.



- O _____ é a capa intermedia da xeosfera. Está formado por materiais sólidos e fluídos. Ten uns 2.900 quilómetros de espesor.
- O _____ é a capa interna da Terra. A súa temperatura é moi elevada. Está formado por ferro e outros materiais. Ten dúas partes: o _____, que se atopa en estado líquido; e o _____, en estado sólido.

19- A _____ é o conxunto de seres vivos que habitan no noso planeta.



FIN